

Ventura Pueyo	Tipos de argumentos	Manuel Murguía
- Falar “dialectos” é persistir no atraso e entorpecer a civilización. - A uniformización idiomática leva automaticamente ao progreso e o benestar. - A uniformidade lingüística completa a unidade política hispana. - A xente emigrada ás urbes ou ao exterior mostra o interese por aprender o castelán.	DE UTILIDADE	• É o idioma que falan os aldeáns (a maioría da poboación nesa época). • Fálano, con variantes, moitos millóns de persoas no mundo. • Serve para escribir, como demostra a variante portuguesa, unha literatura de primeirísima calidade. • É o mellor instrumento para a expresión dunha literatura galega de seu, oposta ao xenio de Castela.
- Convén sacrificar os intereses e características da parte (Galiza) polos do todo (España).	DE IDENTIDADE	• É o idioma que falaron os nosos pais. • É a creación colectiva dos galegos e galegas máis importante. • É o que nos dá “dereito á enteira posesión da terra”. • É o máximo elemento identitario, “que nos di que, pois somos un pobo distinto, debemos selo”. • É signo distintivo por excelencia da existencia e permanencia dunha nacionalidade galega. • Ten dozuras e acentos conmovedores para o corazón dos galegos.
- Non se discute a primacía e superioridade do castelán sobre os “dialectos”. - As elites galegas cultivaron o castelán.	DE PRESTIXIO	• Nel cantaron reis e trovadores na época medieval. • É lingua oficial en moitos territorios, a comezar por Portugal e Brasil. • Ten unha magnífica literatura, representada na súa variante lusa por nomes como Camoes, Vieira... • É resultado da fusión de elementos procedentes de importantes pobos da antigüidade: celtas, romanos, suevos.